

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, dona Mónica Vázquez Blanco, don Miguel Bautista Carballo, dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, convocada a solicitude dos deputados provinciais integrantes do Grupo Socialista da Deputación, formulada en data 16 de xullo de 2014 (n.º rexistro de entrada 18.134), procédese ao tratamento do único punto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

ÚNICO.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELATIVA AO REINTEGRO DO CONFINANCIAMENTO FEDER NOS PROXECTOS DAREO E DEPUTRANS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, comeza dicindo que os plenos extraordinarios son para debater cuestións extraordinarias e o Sr. presidente, avanzando máis en transparencia e calidade democrática, convocouno o mesmo día que o pleno ordinario no que se van tratar asuntos importantes. Pensa que a estratexia é que este pleno extraordinario quede diluído na prensa, polas outras cuestións importantes que se van tratar no pleno ordinario. Di que desde hai máis ou menos tres anos a culpa de todo é pola

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

herdanza de Zapatero, pero neste asunto Zapatero non ten nada que ver, isto é a herdanza do Sr. Baltar e dos seus herdeiros, e sobre todo do actual presidente (por partida dobre e por razóns obvias). O seu grupo solicitou este pleno extraordinario porque hai cousas que ao longo do proceso chaman moito a atención. A primeira delas é que se o Grupos Socialista, hai 20 anos, pediu unha solución para o saneamento no rural, non quere dicir que a solución que se formulou fose a axeitada e que estivese chea de irregularidades, é dicir, os que executaron as obras non fixeron as cousas ben. Polo tanto a culpa non é de quen expón o problema, senón de quen se encargou de resolvelo. Isto é como se se fai algunha obra nalgún concello para resolver un problema, e se esa obra está chea de irregularidades, como se apuntaba nos informes da OLAF, e logo a cara dura é dicirlle á oposición (como neste caso) que son tan culpables como aqueles que están facendo as irregularidades ou os supostos delitos que se formulaban no informe da OLAF. Aquí parece que a culpa é dos que piden que se resolvan os problemas. Hai moitas preguntas que habería que facer, como a de se os técnicos da OLAF (e agora o Ministerio de Facenda) non fan caso das alegacións que presentou a Deputación e volven pedir a devolución dos cartos, supón que os posibles delitos que apuntaban seguirán existindo, senón non pedirían que se devolvan os cartos. Pensa que ten que haber algún responsable político en todo este asunto. O Sr. Álvarez Dobaño dicía días pasados nun medio de comunicación que sabía por qué solicitaban este pleno, se era para enfadarse, para discutir sobre o mesmo. Di que o seu limiar de enfado está bastante alto, pero a responsabilidade que ten é falar de algo tan importante como que a Deputación ten que devolver moitos cartos. Nin el nin o seu grupo teñen a intención de enfadarse, pero si se teñen que enfadar porque aquí parece que ninguén ten responsabilidade política, algo que cre non ocorre en ningunha administración deste país. O problema non é só devolver os gastos, o problema é que non temos un bo investimento que os xustifique, porque que estean as depuradoras operativas non supón que funcionen, como, por exemplo, se un camión de bombeiros está operativo non significa que prendelo custe 6.000 euros ao mes, polo tanto pode estar operativo pero non é funcional. Iso é o que ocorre coas depuradoras e iso é o que ocorreu ao longo destes anos e o que ten avisado o Grupo Socialista día tras día e ano tras ano. O máis grave son os delitos que se apuntan por parte da OLAF e o que di Facenda, porque se todo estivera ben non pedirían que se devolvan os cartos. Se non é así e todo esta ben, haberá que pedirlle responsabilidades a quen está

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

dicindo día tras día que se está incumprindo. Pídelle ao Sr. presidente que aclare todo isto e que diga a verdade e que se deixe de facer xogos de palabras cando vai ás roldas de prensa para falar deste tema. Pregúntalle se está contento, como dixo o outro día nun xornal, porque noutras localidades se teñan de devolver douscentos millóns de euros (mal de moitos ..). Pregunta tamén se a devolución deses douscentos millóns de euros é por fraude ou por posibles delitos como os que se apuntan polo técnicos da OLAF para esta casa. Non se sabe se é así (en todo caso tamén estará mal feito) pero esa non é unha xustificación nin unha explicación. O Sr. presidente ten que explicar por qué seguen a pedir a devolución dos cartos. O Grupo Popular acostuma a desviar a atención dicindo que a oposición se alegra de que haxa que devolver os cartos, cousa que non é certo porque se fose así estarían prexudicando aos veciños. Se en instancias xudiciais se apuntan delitos, pregúntase se o Sr. presidente seguiría sen asumir ningunha responsabilidade, porque se non se estimaron as alegacións presentadas pola Deputación suponse que o Ministerio de Facenda segue contemplando os delitos ou posibles delitos moi graves. Pregúntalle ao presidente se só é presidente por herdanza das cousas boas e das malas non é herdeiro. Pregúntase tamén como é posible que os membros da comisión pantasma non atopasen ningún problema e os inspectores da OLAF viran pantasma por todos os lados. Quen será o vidente, o membros do Grupo Popular, que non se comunican co pasado (fase de execución das depuradoras) ou os inspectores que teñen por defecto ollar o programa de Iker Jiménez en Cuatro, e ata onde el sabe cre que chegará a Bruxelas ese programa, porque isto parece un expediente un pouco estraño. Pregúntalle ao Sr. presidente se non cre que este é o maior escándalo da institución en moitos anos e se, ao final, vai ser o PSOE o responsable por pedir o saneamento, ou os técnicos por redactar os proxectos; ou se van ser os funcionarios que os atenden no pleno e que os sofren os culpables de todo isto. O Sr. presidente está por riba de todo e de todos, pero pídelle que lembre que todo o que sobe baixa.

O **Sr. presidente** lémbrale ao Sr. Gómez Pérez que leva catro minutos máis dos establecidos para a súa intervención (no Regulamento orgánico figura como tempo de intervención 8 minutos).

Continúa o **Sr. Gómez Pérez** dicindo que pensaba que o Sr. presidente ía ser algo máis xeneroso coas intervencións despois de convocar este pleno ás 10.00 da mañá, unha hora antes que o pleno ordinario. Se queren non fala máis e como o Grupo Popular non ten

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

a culpa de nada e non hai ningún responsable político e non deixa que se exprese o Partido Socialista, esperará á seguinte quenda para expresarse.

O **Sr. presidente** dille que utilizou 13 minutos na súa intervención.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que resolución da Axencia Tributaria, que obriga á Deputación a devolver 10,1 millóns de euros é a constatación de todas e cada unha das gravidades postas de manifesto pola OLAF, por canto non fala tan só de graves irregularidades administrativas na contratación, senón que di, claramente, que os feitos constatados poderían ser constitutivos de ilícitos penais (delito), cuestión esta última que está en sede xudicial e que terán que dirimir os tribunais de xustiza. Resulta lamentábel que tivera que ser un organismo de fóra o que puxera de manifesto o que ten sido un segredo a voces. Feito, sen dúbida, que non deixa en moi bo lugar aos órganos que teñen que exercer funcións de control e velar polo cumprimento da legalidade, pois non esquezamos que esta denuncia foi arquivada no seu día. Para O BNG este informe supón, ademais da prescindibilidade deste tipo de institucións anacrónicas, un novo torpedo na liña de flotación a un partido, o Partido Popular, que se beneficiou, que ampara e que segue a beneficiarse, dun xeito lamentable de entender e practicar a política, ao tempo que supón unha nova labazada aos excesos e abusos cometidos nesta Institución, de xeito reiterado, a través dunha política caciquil e clientelar. O BNG ven manifestando desde hai moito tempo que o da política de persoal non era máis que a punta do iceberg da política *baltariana* ao servizo do PP, e que había outras cuestións tanto ou máis importantes que tiñan que ver cos procedementos de adxudicación que se levan facendo nesta institución desde hai máis de 20 anos. As irregularidades detectadas pola OLAF non fan máis que pór de relevo cal é o *modus operandi* desta institución, que ten a súa replica, a menor escala, nos concellos onde goberna o PP, mancomunidades, etcétera, nas que se bordea a legalidade (cando non se incumpre flagrantemente) para repartir os contratos entre un grupo de empresas (afíns ao Partido Popular) que se reparten o territorio como se se tratase dunha succulenta torta. Hai algunha sentenza que pode reproducir en castelán, porque, desafortunadamente, o galego aínda non ten cabida con pleno dereito na xudicatura: *las prácticas como las aquí denunciadas alimentan la opinión pública, bastante generalizada respecto de la administración local en esta provincia, de que para poder acceder a esos puestos de*

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

trabajo no basta con competir en igualdad de condiciones por mérito y capacidad, sino que es necesario disponer de algún tipo de vínculo político, amistad o parentesco en los círculos del poder. Isto non o di o BNG, que o di a xudicatura; tamén fala dalgún concello, dándose o efecto onda, empeza na Deputación que é o concello dos concellos e despois segue no resto do concellos gobernados polo Partido Popular. O BNG entende que as prácticas que pon de manifesto a OLAF no que atinxe a proxectos cofinanciados por Europa, son o proceder habitual no resto dos proxectos que contan con outro tipo de cofinanciamento ou financiamento propio, polo que desde aquí lles fan unha chamada aos organismos correspondentes para que abran unha investigación acerca dos procedementos de contratación que ao longo destes anos se levan producido nesta institución. Reitera o de ao longo destes anos porque despois non quere que lle respondan preguntándolles onde estaban cando se estaban producindo estes feitos. Quere que conste na acta que eles xa o dixeron. De igual modo, o grupo provincial do BNG esixe: en primeiro lugar, que o presidente da Deputación lles pida desculpas á cidadanía de Ourense, porque unha vez máis esta institución volve estar en boca de todos como exemplo de desprestixio institucional. En segundo lugar, o compromiso de que non será Ourense quen pague as consecuencias da irresponsabilidade política do Partido Popular. A provincia non pode perder 10,1 millóns de euros, nun momento en que cada euro conta para facerlles fronte ás necesidades enormes que está a provocar a crise. Se hai cartos para rescatar bancos, tamén os terá que haber para todos os cidadáns. En canto a quen debe asumir a multa (se a hai) evidentemente non pode ser co remanente que din que hai, porque ese diñeiro é dos contribuíntes. Estarán á espera das alternativas que propoña o grupo de goberno, porque isto non pode supoñer unha merca dos recursos públicos que teñen que estar dedicados ás moitas necesidades que ten esta provincia. Por outra banda, esixen que se lles aclare que repercusión pode ter esta sanción á hora de solicitar e recibir novos fondos europeos, para o próximo ano e para futuras anualidades. En canto á responsabilidade patrimonial, desde o BNG consideran que os responsables políticos, de ter causado semellante despropósito, deben responder patrimonialmente, e non teñan que ser os cidadáns os asuman, dobremente, as consecuencias da irresponsabilidade e da incompetencia do Partido Popular. O BNG pide que o presidente da Xunta, cese fulminantemente ao superdelegado de Ourense, Rogelio Martínez, por entender que el, xunto co entón presidente da Deputación

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

son responsables máximos desta cuestión. Do mesmo xeito, seguen a manter, igual que fixeron no asunto relativo ás contratacións que sentaron no banco ao anterior presidente da deputación, que os deputados que sentan nas cadeiras do grupo do Grupo Popular desta Deputación, que por activa ou por pasiva son corresponsables políticos, e en aplicación do Código Ético do que tanto se gaba o Sr. Baltar, non deberían permanecer un minuto máis sentados nesas cadeiras.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que as intervencións que escoito foron distintas e máis ben parece que quen solicita o pleno extraordinario é o BNG. Vai intentar ser breve, porque como ben se di na exposición de motivos da moción: en infinidade de ocasións o Grupo Socialista ven traendo ao pleno desta Corporación o caso dos proxectos Daredo e Deputrans, por iso non sabe que máis hai que dicir, senón o que xa se dixo moitas veces. Tamén se di na moción o seguinte: *por activa e por pasiva levamos anos advertíndoos das irregularidades nestes proxectos e do que ía acabar acontecendo, pero o grupo de goberno en vez de procurar que se destaparan as irregularidades que puidera haber tratounos de alarmistas, non convocou a comisión de investigación cando a tiña que convocar e incluso intentou amedrentar a este grupo*. Manifesta que con esta afirmación están faltando á verdade. A postura do grupo de goberno está claramente determinada e fixada desde hai tempo. Fai facer un breve resumo de acordos que adoptou este órgano e outros órganos unipersoais ou colexiados da Deputación (pregúntalle ao Sr. Rodríguez Puga que, efectivamente, onde estaban, porque a responsabilidade do equipo de goberno é a que é, pero os grupos da oposición tamén a teñen). Comeza o resumo dicindo que o 31 de maio de 2002 presentou unha moción o Partido Socialista sobre o saneamento e abastecemento no medio rural, encamiñada a corrixir os vertidos das fosas sépticas e redes de saneamento na provincia de Ourense, foi aprobada por unanimidade. O 26 de setembro de 2003, propónse a ratificación do decreto da Presidencia no que se aproba o prego de condicións para o concurso de subministración de depuradoras do Plan Daredo, que foi aprobada por unanimidade. No pleno do 28 de novembro de 2003 ratifícase o decreto da Presidencia adxudicando o concurso para a subministración de plantas depuradoras de augas residuais domésticas. Neste asunto abstívose o Partido Socialista porque dicían que a Deputación debería comprobar o número de habitantes dos concellos e non fiarse da Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local; non esgrime ningún outro motivo. Este

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

asunto aprobouse co voto favorable do PP e do BNG e a abstención do PSOE. O 24 de setembro de 2004 apróbanse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexerán o concurso para a contratación da subministración de plantas depuradoras de augas residuais para pequenos núcleos de poboación, no marco do proxecto Deputrans 2004-2005. Este asunto foi aprobado co voto favorable do PP e do BNG e coa abstención do PSOE. O 22 de xullo de 2005 autorízase a transferencia aos concellos e mancomunidades da provincia de Ourense das depuradoras compactas residuais nos plans Daredo e Deputrans. Este asunto é aprobado por unanimidade. No pleno do 30 de setembro de 2005 formulouse un rogo por parte do portavoz do Partido Socialista pedindo impulso e comprometendo apoio a proxectos de vertebración provincial (Plan Daredo). No pleno do 27 de xaneiro de 2006 apróbase por unanimidade unha moción da Presidencia para expropiar terreos para instalar depuradoras do Plan Daredo en Valdeorras. No pleno do 25 de xaneiro de 2008 o Partido Socialista presenta unha moción sobre axuda ao mantemento das depuradoras instaladas en pequenos núcleos ao abeiro dos plans Daredo e Deputrans, que se aproba por unanimidade. No pleno do 27 de abril de 2012 o Partido Socialista presenta unha moción para a creación dunha comisión de investigación sobre os proxectos Daredo, Deputrans, Pedece e Estacións, que é rexeitada co voto en contra do Partido Popular porque entendía que debían esperar ao informe da OLAF. A partir dese momento houbo montóns e montóns de información para os dous grupos da oposición. O 27 de setembro de 2013 a Presidencia presentou unha moción para a creación dunha comisión informativa especial sobre os proxectos Daredo e Deputrans. Esta moción é aprobada pero os grupos da oposición non participan na dita comisión e a cualificaron de mil maneiras. Reitera que a postura do grupo de goberno e do seu presidente foi, é e seguirá sendo a mesma. A Deputación de Ourense recorrerá o acordo do Ministerio de Facenda no que se solicita o reintegro das subvencións polos proxectos Daredo e Deputrans que suman máis de dez millóns de euros. O presidente informou en numerosas ocasións que a Deputación presentará en tempo e forma un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid por entender, segundo defenden os técnicos desta casa, que non existiron as supostas irregularidades que se citan no expediente e que neste proceso se actuou sempre conforme coa legalidade e a normativa vixente. Quere que quede claro que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas lle solicita á institución

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

provincial que faga efectivo o reintegro das devanditas subvencións, se ben, sinala no documento que contra esa decisión administrativa a Deputación pode presentar os correspondentes recursos pola vía xudicial. Isto é o que se vai facer, polo que lles pide paciencia aos grupos da oposición e que se sumen á defensa dos intereses da provincia porque dá a impresión que o que queren é que a Deputación devolva canto antes eses dez millóns de euros. O presidente e o Grupo Popular teñen o firme compromiso de transparencia total por parte da Deputación de Ourense e queren chegar ata o fondo da cuestión e esgotar todas as vías posibles na defensa dos intereses da institución provincial. Lembra que este proceso de adxudicación das depuradoras xa fora obxecto de investigación por parte da Fiscalía de Ourense no ano 2008, como recolle o informe da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e as ditas dilixencias foron arquivadas segundo o auto ditado polo Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense en marzo de 2009, ao non apreciar a existencia de feitos delituosos. Pregunta por qué tanto empeño en fixarse só no non favorece á Deputación. Ademais, os técnicos da Deputación de Ourense, nos que teñen plena confianza, consideran que o expediente de reintegro que iniciou no seu día o Ministerio de Facenda debería archivarase, dado que, ademais de ser improcedente, a acción atópase totalmente prescrita. Os argumentos das alegacións da Deputación baséanse en que as prescricións técnicas do prego de condicións respectan escrupulosamente a lei e a OLAF non sinala ningunha normativa que se vulnere. Tamén entenden que a Deputación, como calquera outra administración pública, ten dereito a establecer as prescricións técnicas que considere máis convenientes para garantir a máxima calidade das subministracións que adquire. Non procede pois que nin tan sequera entren a valorar as propostas de acordo da moción, porque son totalmente extemporáneas e o único que buscan é barullo. Anuncia que votarán en contra das propostas, que para eles son demagóxicas e claramente oportunistas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que está abraiado. Agora xa non é só culpa de Zapatero senón que agora é culpa do Grupo Socialista todo o que acontece aquí. Miúdo relatorio fixo o Sr. Álvarez Dobaño. Que o Grupo Socialista pida que se sanee a provincia e que se depure non quere dicir que se defraude; non son as mesmas cuestións. É indignante que o Grupo Popular lle reproche ao Grupo Socialista que pida que se fagan obras nesta provincia para ter unha mellor calidade de vida, e que lle boten a culpa de que os técnicos da OLAF apunten a delitos moi graves. É

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

verdade que en infinidade de ocasións se tratou este asunto, pero que o Grupo Popular fixo o que lle deu a gana, cousa que deu lugar ás sucesivas denuncias do Grupo Socialista (seguro que os compañeiros de Castellón denunciaron en infinidade de ocasións ao Sr. Fabra, e ao final está onde está). O Grupo Socialista ten dereito a dicir o que se está a facer mal, pero iso non significa que teñan a culpa por ten demandado cousas boas para a provincia. Pensa que neste asunto non tiña que dar a cara o portavoz do Grupo Popular, senón que tería que ser o Sr. presidente, pero agóchase noutras cuestións e non di a verdade. Non falou en ningún momento de por qué non se resolven as alegacións coas que o Grupo Popular dicía que tiñan razón. Se non se resolven esas alegacións quere dicir que se seguen apuntando os mesmo delitos que se apuntaban e que son moi graves. Cre que non é extemporáneo pedir a dimisión do Sr. delegado da provincia (non só por estes problemas, senón por outros que tamén ten). O Grupo Socialista non quere que devolva os cartos a Deputación, senón que quere que os devolva quen os defraudou. Os técnicos non teñen a culpa e o Grupo Socialista confía neles, pero non confía nos políticos que dan as ordes. O que acontece aquí é intolerable, como tamén é intolerable o xogo de palabras que utilizan para tapar o maior escándalo desta Deputación. Gustaríalle ver a actitude do Sr. vicepresidente económico da Deputación se houbera que devolver dez millóns de euros no Concello de Ourense polos mesmos delitos que se formulan aquí. Estaría insultando ao alcalde (como acostuma facer) e insultando ao goberno. O Grupo Socialista presenta cousas coherentes e pouco menos que se lle está insultando por facelo, porque se lles está a dicir que teñen a culpa do que fixo o grupo de goberno. Agora a culpa vai se dos técnicos da OLAF, que falaban de delitos graves, que incluso dicían que puxera a disposición das autoridades xudiciais competentes o seu informe, por iso quen arquivou agora tivo que reabrir. Pregúntase se tamén será extemporáneo que se condene a alguén para que pague o pato. Comprende que desde o punto de vista persoal do Sr. presidente é difícil defender esta herdanza (o anterior presidente é o seu pai), pero non ten a culpa de que estea aí sentado porque non foi o Partido Socialista quen o puxo aí. O que ten que facer é non agochase e dar a cara el e non mandar a outros que a dean por el, e unha vez que faga iso ao mellor o que ten que facer é marchar para casa, porque algún deputado do grupo de goberno ao mellor non ten a mochila cargada desa herdanza nin do que aconteceu antes. Aínda que o Sr. presidente non teña nada que ver nesas responsabilidades, porque non estaba aquí nese

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

momento, evidentemente ten que ver porque é fillo de quen é, e é normal que non queira abrir un expediente para depurar responsabilidades. Iso non é culpa do Partido Socialista nin dos cidadáns da provincia, senón que é culpa de quen está gobernando. Non teñen constancia (aínda que o teñen solicitado) do que se di para volver pedir a devolución do diñeiro, se seguen dicindo o mesmo ou agora din cousas peores. A paciencia dos cidadáns é infinita, porque como se verá despois nun tema que se tratará (no que ata o Sr. secretario cargou el mesmo coa responsabilidade) tamén evadirá as culpas o grupo de goberno. Desde que este presidente chegou ao cargo estamos seguindo escándalo tras escándalo e seguiremos asistindo a diferentes escándalos, xa que se está esperando algunhas sentenzas (que tampouco serán responsabilidade de ninguén). Supón que dentro de vinte anos, cando alguén lea o que aquí se acaba de relatar, faralle moita graza.

D. Lepoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o BNG daquela tamén estaba aquí, e para eles o proxecto era interesante, pero o BNG non ten a capacidade de estar avaliando os pregos de condicións, que é o que lle corresponde aos técnicos e ao grupo de goberno que ten a responsabilidade de gobernar. Os membros do grupo do BNG son deputados e non técnicos nin fiscais. Non se pode ter o descaro de dicir que o tema por non ser novo non é importante e se hai que tratar o asunto mil veces mil haberá que tratalo, porque hai que depurar responsabilidades. As ditas responsabilidades pasan por que respondan patrimonialmente os responsables políticos que causaron isto, e que non teñan que ser os cidadáns quen asuma as consecuencias da irresponsabilidade e da incompetencia e caciquismo que practica o grupo de goberno. Pídelle ao Sr. Álvarez Dobaño que non sexa tan frívolo cun tema tan serio, cando di que parece que a oposición se alegra de que haxa devolver os cartos. O Sr. Dobaño veu dicir que ían facer o que lles dera a gana co diñeiro de todos, como pasarllo aos amiguetes, iso si, cando haxa que render contas farán como as ovellas e aplaudirán coas orellas dicindo que ese tipo de actuacións están ben (actuacións caciquís e ilícitas), porque senón non se defende a provincia. Pregúntanse en que man estamos e pregúntase tamén se despois de todo isto van ter que fiscalizar todas as decisións que se tomen nesta Deputación. O BNG pensaba que no canto de emporcar máis a situación, as primeiras palabras do portavoz do Grupo Popular ían ser para pedirlle desculpas á cidadanía pola situación abafante pola que están obrigando a pasar. Tamén pensou que non ían ter tan pouca sensibilidade e falta de respecto á cidadanía

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

de Ourense, porque só lle faltou dicir que non estiveran tan contentos porque o grupo de goberno non ía pagar un peso do seu peto, senón que ían ser os cidadáns da provincia de Ourense os que ían pagar (non o dixo así pero é o que deu a entender). Di que os únicos responsables desta vergonza na que está envolta a provincia de Ourense son os membros do grupo de goberno e ninguén máis e que non traten de emporcar ao BNG con algo que é só mérito deles, algo que todos os cidadáns saben (súa foi a sementeira que tamén o sexa a colleita). Sen ánimo de acritude di que ningún país do mundo que se prece demócrata lles permitiría aos seus políticos chegar onde se chegou sen que isto tivese consecuencias serias (por cousas menores houbo dimisións de persoas en Europa). Para rematar di que en canto a que teñan paciencia o primeiro que lle fixo lembrar foi un verso marabilloso de Celso Emilio Ferreiro: *O profeta pouco antes de morrer díxolle ao pobo Deus che dea ira que paciencia tes de abondo.*

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que paciencia téñena que ter todos, pero o Sr. Rodríguez Puga moita non ten. Manifesta que el non culpou a ninguén de nada, simplemente fixo un relatorio de acordos e lembrou que os distintos membros dos grupos que estaban na Deputación estaban para algo e non para sentar cadeira, tanto uns como outros. Supón que se estiveron a favor dos acordos serían conscientes do que facían, e se pediron información sería para algo tamén. Fiscalizar non é pedir que fiscalicen os outros, é fiscalizar un. Pregúntase para que se pide tanta información e para que se fan tantas preguntas, porque ata que a OLAF non realizou o informe non dixeron nada. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que é certo que os cidadáns saben o que pasa e o demostran unha e outra vez, e en maio do ano que ven terán a oportunidade de volver facelo. A postura do grupo de goberno é a de defender os intereses da Deputación, que non son outros que os da provincia de Ourense e da súa cidadanía. Pon en dúbida a postura da oposición, porque para eles parece que canto peor mellor, e dan a entender que o seu obxectivo é que a Deputación teña que devolver os cartos. Resulta lamentable que os intereses de partido os leven a posicionarse deste xeito. Pregúntase por qué fan válido o informe da OLAF e non teñen paciencia e esperar que se presente un recurso. Lembra que a oposición non participou na comisión de investigación creada neste Pleno. Renunciaron a un dereito e descoidaron unha obriga como representantes da cidadanía desta provincia. As conclusións da referida comisión aprobáronse neste Pleno e negan a existencia de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

interferencias políticas. Hai investigacións xudiciais en marcha e a Deputación está colaborando en todo o que se lle solicita e confía en que se arquiven esas actuacións como xa sucedeu en 2008-2009. O Ministerio non admitiu a apertura dun trámite de proba esencial no procedemento, limitouse a validar o informe da OLAF. Terá que ser un órgano xurisdiccional quen o faga, para non producir unha indefensión. O investimento está feito e as depuradoras están operativas (agás algunha excepción puntual). Para rematar apunta que a OLAF non só investigou en Ourense (algo que non serve de consolo) e pide que se pregunte qué pasa coas obras de ampliación do porto de Xixón (case 200 millóns de euros cando era ministro o Sr. Blanco e o presidente do Principado o Sr. Areses (o PP non prexulgou nada). Quere dicir tamén que a Deputación ten capacidade de abondo –despois da boa xestión dos últimos dous anos- para afrontar esta situación. Reitera que defenderán con unllas e dentes os intereses da Deputación agardando que a xustiza lles dea a razón que a OLAF e o Ministerio lles negan. Pídelle a oposición que se sumen a eles para defender os intereses da provincia.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que a paciencia hai que lla pedir a Montoro, que é quen pide que se devolvan os cartos. Reitera que o Grupo Socialista pide que devolva os cartos quen os defraudou e non a Deputación (este é un dos acordos que piden na moción). Segundo a intervención do portavoz do Partido Popular (que fai extensiva ao Sr. presidente) o único que falta é que pague a factura de todo isto o Grupo Socialista por ter presentado isto para que se solucione un problema. Nesta Deputación pasan cousas moi estrañas, igual que sae nos medios de comunicación que non presentan o IRPF en tempo e forma cando o Grupo Popular é o que ten os cartos. Pensa que non se pode ter máis cara (referíndose ao Sr. presidente), porque é el o que dá as directrices para defender as cousas. Os concellos do PSOE non prenden as depuradoras porque prendelas é a ruína dun concello pequeno; non se di que esas depuradoras eran depuradoras de barcos e pregunta se foron os técnicos os que dixeron que as depuradoras fosen de barcos noruegueses. É indignante o que se escoita aquí, pídenlle paciencia á oposición e ninguén vai ter responsabilidades. Dise que non defenden á provincia e, dentro das súas limitacións, os que a defenden son eles. Este asunto xa o avisou o Grupo Socialista antes do informe da OLAF, pero o que non poden pretender é que falase hai 20 anos porque non estaba aquí. Non se pode botar a culpa a quen non goberna, porque se gobernase o

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014
--

Partido Socialista asegura que este tipo de cousas non acontecerían. É increíble que nomeen agora o que pasou co porto de Xixón, pero teñen a cara tan dura que ao mellor os cidadáns van falar dunha vez, porque eles si que están fartos de paciencia e de enganos. Pensa que se nun futuro o Partido Socialista gobernase esta institución o Partido Popular será capaz de dicir que se houbo delitos con este tema e houbo que devolver os cartos pro fraude será culpa do presidente socialista. Son capaces disto e de máis: algúns tócalles a lotería aínda que entren no cárcere; a outros cúlpanos de 104 contratos e din que non sabían como se facía despois de levar 23 anos na institución. A cara que teñen os membros o Grupo Popular desta Deputación non a ten visto en ningunha outra institución, iso que acostuma ver debates, e nunca viu cuestións semellantes como as que pasan nesta casa. Pide que se asuman responsabilidades e espera que no momento que as pida un xuíz tamén se pidan responsabilidades políticas, á parte doutras.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, punto único da orde do día, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), polo que a moción queda rexeitada.

E, ás 11.00 horas do citado día vinte e nove de xullo do ano dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,